

IES As Fontiñas (Santiago de Compostela, A Coruña)


1º BAC | **CURTO**

Villar Rozados, Alex

LEMA: A contaminación do río

DESCRICIÓN:

É un curto que trata sobre a contaminación dos ríos. Cales son as medidas de prevención para evitar a contaminación



IES As Fontiñas (Santiago de Compostela, A Coruña)

2º BAC | **CURTO**

Vilar Barreiro, Álvaro
Suárez Alfonso, Diego
Castelo Ferro, Yago

LEMA: Porcos vs Natureza

DESCRICIÓN:

O vídeo trátase dunha mostra de cómo contaminamos o noso planeta. Quizais os exemplos parecen irrealis e extrapolados pero tratase de algo que realmente sucede e pretendemos que a xente se dea de conta delo.



IES As Fontiñas (Santiago de Compostela, A Coruña)

1º BAC | **CURTO**

Vázquez Cotón, Raquel
Veiga Pena, Román

LEMA: Un mundo sen contaminación

DESCRICIÓN:

Este é un curto sobre a contaminación do mundo debido a diferentes factores, tamén inclúe uns pequenos consellos para todos, que poden axudar ao mundo a seguir vivo.




IES As Fontiñas (Santiago de Compostela, A Coruña)

1º BAC | **PRESENTACIÓN**

Suárez Vidal, Manuel

LEMA: Efecto invernadoiro



IES As Fontiñas (Santiago de Compostela, A Coruña)

1º BAC | NARRATIVA

Salmonte Caballero, Miriam del Mar

LEMA: O cambio climático

DESCRIPCIÓN:

É un conto que trata sobre as consecuencias do cambio climático.

O CAMBIO CLIMÁTICO

Carlos non entendía o que estaba a suceder. Vigo, a súa cidade, desaparecera a causa de que o nivel do mar e a súa temperatura souberan. En Galicia xa non facía o mesmo clima de anos atrás xa que houbera incrementos de chuvias e, sen embargo, en Andalucía había demasiadas sequías. Grandes especies que todo o mundo consideraban eternas, como o xabalí, desaparecían pouco a pouco.

O mundo estaba en loita, porque se estaban esgotando reservas de auga doce que empezaron a escasear, e, aínda que España non participara, a poboación sabía que faltaba moi pouco.

Empezaron as primeiras mortes a causa de enfermidades como a Marea Vermella. Esta doenza lle afectou á nai de Carlos. Como se dixo ó principio, Vigo desaparecera pola subida do nivel do mar, o que causou a proliferación de algas danosas que crean toxinas que poden ser letais para animais e humanos. Poucos meses despois de coller esta enfermidade, a nai de Carlos morreu.

O neno, de 8 anos tivo que marchar a unha cidade de interior que, pronto, se todo seguía así, acabaría sendo unha cidade costeira.

E toda esta situación actual, polo que chamaban cambio climático. Anos atrás todo o mundo sabía que isto era xa irreversible, pero tamén dicíase que iso non significaría que non se puidera atenuar o seu impacto. Nesa época, en todas as televisións, radios, marquesiñas de bus... so se vían slogans que dicían "Está nas nosas mans" pero a humanidade pouco lle importou que estivera ou non nas súas mans e así fixo reaccionar á natureza.

Na nova cidade onde ía residir Carlos había un bo veterinario. O seu can, levaba uns días moi débil e non remontaba. O neno non recordaba unha vida na que o animal non estivera, pero o veterinario non lle deu moi boas noticias. A causa do cambio climático o seu can padecía Babesiosis que é unha enfermidade similar á

malaria que afecta ós animais domésticos, en especial, ós cans. A Rex, así chamado o pobre animal, pouco lle quedaba de vida e, seguindo as predicións, unha semana despois morreu.

Por culpa do cambio climático, Carlos xa perdera a súa nai e ó seu can. So lle quedaba o seu pai e non estaba disposto a perdelo. O pensamento do pai era recíproco.

O seu proxenitor, Xoán, era un defensor nato da natureza. Sempre dosificaba moito a auga que gastaban el e o seu fillo, reciclaban, utilizaban puntos verdes, as pilas usadas xamais as botaban ó vertedoiro... E, sen embargo, foron dos máis prexudicados.

Xoán e uns amigos seus empezaron a facer manifestacións para intentar concienciar á cidade de que isto que estaba ocorrendo, non tiña que ir a máis. Pronto estas manifestacións foron cambiando de lugar, pasando por moitas cidades do país. Anos despois, e cando Carlos xa era consciente do que estaba pasando, tamén ía recorrendo lugares de España, e, aínda que cada día eran máis persoas as que participaban, non conseguían abri-lle os ollos á maioría.

Formando a organización "Climántica", este grupo de persoas xa era coñecido en todo o país.

Paralelamente, o mundo se viña abaixo. España estaba metida de cheo na guerra e a xente tiña medo. Xa eran millóns de persoas as que morreran. Sen embargo, cada semana, os Climánticos non dubidaban en saír a unha cidade distinta ata facerse, pouco despois, internacionais. Cada vez eran máis persoas as que recapacitaban no que estaba a suceder, pero aínda seguían sendo insuficientes...

Cando ninguén o esperaba, a Xoán diagnosticáronlle Febre Amarela, que, aínda que afectaba ás rexións de África, América Central e América do Sur, co incremento das temperaturas empezou a afectar tamén ó sur de España.

Xoán non se rendeu, non quería deixarlle ó seu fillo un mundo no que as consecuencias do cambio climático foran aínda peores, e seguiu loitando.

Poucos días de vida lle quedaban, pero este gran exemplo a seguir, seguiu viaxando e manifestándose. Un día, Xoán recibiu unha chamada. Era un dos principais organizadores de Climántica. O goberno contactara con esta organización para intentar mellorar a situación actual e que as consecuencias do cambio climático non seguisen indo a máis. Cando Xoán acabou de falar, puido expirar tranquilo.

IES As Fontiñas (Santiago de Compostela, A Coruña)

1º BAC | NARRATIVA

Rúa Barreiro, Natividad

LEMA: 19-02--2080

DESCRICIÓN:

Trata sobre unha rapaza de 16 anos que vive en Galicia no ano 2080, un lugar no que case non hai auga, os prados deixaron de ser verdes porque xa non hai prados, o ceo é gris todos os días e xa non existen as costas das que disfrutamos ata agora.

19-2-2080

Estamos a 19-2-2080 e eu cumplo 16 anos.

Vivo nun pequeno piso ó lado da costa, en Santiago. A miña avoa di que Santiago antes non era unha cidade costeira, que era unha cidade que quedaba xusto no centro de Galicia e que a poucos kilómetros había pequenas vilas cheas de campos verdes e de montes pero eu nunca vin un campo verde máis grande dos que vexo na televisión cando botan os partidos de fútbol. Si teño visto pequenos xardíns, pero nunca un monte tan grande coma os que describe a miña avoa.

Cando lle preguntei ó meu pai porqué agora Santiago é unha vila costeira e antes non, díxome que porque antes había unhas capas de xeo grosas nos polos da Terra e que se chamaban así, polo norte e polosur. Co quentamento global os polos derretíronse e os miles de litros de auga que había alí acumulada en forma de xeo pasara a ser parte do mar, levando por diante un montón de cidades e incluso de países que eran illas de interese turístico nos meses de verán, levando tamén por diante un cacho de Galicia, as costas que á miña avoa tanto lle gusta lembrar, desfacendo as rías que tan características eran de aquí e facendo desaparecer as illas Cies, unhas illas que oxe só aparecen en fotos.

A miña avoa tamén fala de un montón de animais distintos vivindo polos diferentes montes de todo Galicia e no meu libro de bioloxía aparecen moitos animais distintos de diferentes partes do planeta, pero o meu pai di que eses animais xa non existen, que a maioría deles estaban en perigo de extinción e acabaron morrendo a pesar das advertencias dos biólogos." Agora xa non existe tanta biodiversidade como daquela", di a miña avoa.

Ela ten 75 anos e veu o sol en Galicia. Oxe o ceo está gris, como onte e como todos os días, e a sensación de bochorno acompáñame todo o día, ata pola noite sinto unha calor rara que me pega as sabas á pel e non me deixa durmir. Pero eu xa me acostumei porque é así dende que son pequena.

Obtemos electricidade por medio da enerxía ólica pero gastamos só a mínima imprescindible, amiña avoa di que cando ela era nova desenvolveran unha enerxía que se obtiña a partir do sol e a cal lle chamaban enerxía solar, era a solución perfecta xa que o sol é unha fonte inesgotable de enerxía e é imposible que o sol se apague. O sol non se apagou, pero unha nube de contaminación deixa de cor gris o ceo e non deixa pasar a luz solar.

Xa non hai case auga, e a pouca que hai conseguímolos quitándolle o sal a auga do mar pero non é suficiente para todos os habitantes do planeta, antes tampouco o era pero agora todos temos falta de auga e os maiores din que agora se decatan do duro que é vivir sen algo tan básico. Por malgastala antes agora quedámonos sen ela.

Case ninguén ten coche, o petróleo estase a esgotar e é moi caroe o biocombustible non chega para todos. A obtención de enerxía a partir de hidróxeno non se puido levar a cabo.

As catástrofes naturais son normais oxe en día. É duro dicilo pero xa non son novidade as noticias de que un tsunami arrasou non sei que cidade ou que un terremoto sacudiu non sei que país. O meu pai di que antes cando había unha destas catástrofes os países donaban cartos ó territorio afectado para que lograra reconstruír as cidades afectadas pero iso agora xa non se fai, cada un mira polo ben do seu país e dos habitantes que hai nel. Ninguén ten tempo para a solidariedade.

A contaminación e o mal uso dos recursos provocou o quentamento global, a perda de biodiversidade,...

Ás veces pregúntome que pasaría se as xeracións anteriores á miña, a dos meus avós, a dos meus pais, etc., fixeran un mellor uso dos recursos, contaminaran menos e coidaran mellor o planeta.

Ó mellor eu coñecería as costas e as rias, coñecería mais especies de animais e a humanidade non acabaría así. Nunca vou a saber como era antes a Terra.



IES As Fontiñas (Santiago de Compostela, A Coruña)

1º BAC | **DEBUXO**

Rodríguez Suárez, Ana

LEMA: Stop as emisións!

DESCRICIÓN:

Debuxo do planeta Terra, que intenta representar o dano que se lle está causando coas emisións de gases nocivos.



IES As Fontiñas (Santiago de Compostela, A Coruña)

IES As Fontiñas (Santiago de Compostela, A Coruña)

1º BAC | **NARRATIVA-
PRESENTACIÓN-FOTOGRAFIA**

Regos Varela, Antía
Tarela Loureiro, Iris
Tarela Loureiro, Lara

**LEMA: Cambio climático:
contaminación, catástrofes
e medidas ao respecto**

DESCRICIÓN:

Trata sobre a contaminación do medio ambiente, as catástrofes causadas polo cambio climático en xeral (tormentas, chuvia ácida, deforestación, quentamento global, etc), e tamén as medidas que podemos tomar ante esta situación (uso de enerxías alternativas, reciclaxe ...).



IES As Fontiñas (Santiago de Compostela, A Coruña)

IES As Fontiñas (Santiago de Compostela, A Coruña)


1º BAC | PRESENTACIÓN

Pérez Mosquera, Rubén
Gómez Vidal, Andrés
Lareu Sánchez, Antonio

LEMA: A mobilidade e o medio ambiente

DESCRICIÓN:

Concienciarnos de que temos os medios de frear a contaminación dos transportes e que só falta poñelo en práctica.



IES As Fontiñas (Santiago de Compostela, A Coruña)

1º BAC | POESÍA

Núñez Rodríguez, Noris

LEMA: Cambio climático

DESCRICIÓN:

Poesía sobre o cambio climático, aínda hai tempo para reaccionar.

Coadas de lava,
Ambigüidade solar.
Derrétense os polos,
Sismos no mar.
Sacudidas na Terra,
Preludio do final.

Contaminación atmosférica,
Devastación da vida.
Decadencia da diversidade vital,
Asolagamento de terras,
Letargo fatal.

Aínda non é tarde,
Aínda non chegou
O preludio final,
O letargo fatal.





IES As Fontiñas (Santiago de Compostela, A Coruña)

1º BAC | PRESENTACIÓN

Mosquera Ferreiro, Iria

LEMA: Cambio climático e desenvolvemento sostible

DESCRICIÓN:

Esta presentación trata sobre que é o desenvolvemento sostible e sobre o cambio climático, sobre as súas consecuencias e sobre algúns consellos para remedialo.



Desenvolvemento sustentable
É aquel que permite satisfacer as necesidades presentes sen comprometer as das xeracións futuras. Zato precisa de:
• Non se podes consumir máis rápido do que se producen os recursos renovables.
• Non se pode lutar á media máis lixe do que este podo absorber.

O cambio climático é evidente.
Para poder frealo sería necesario seguir unhas pautas.

•Os coches deben diminuir o número de quilómetros que realizan anualmente de 16.000 a 8.000

•Deberíase aumentar 700 veces a cantidade de enerxía obtida a partir do sol.

•Debería frearse a deforestación de todo o planeta.

Se isto non se consegue as consecuencias poden ser:
•O aumento das temperaturas, convertendo as zonas mediterráneas en desertos e o deserto volvería ser habitado por xirafas e elefantes.

•O aumento do nivel do mar debido o desxeo dos polos e de cordilleiras como os Alpes, o Himalaia...

•Con temperaturas máis cálidas aumenta o número de tormentas e tornados.



IES As Fontiñas (Santiago de Compostela, A Coruña)

1º BAC | PRESENTACIÓN

Moire Pintor, Francisco

LEMA: O cambio climático

DESCRICIÓN:

É unha unha presentación sobre o medio ambiente, o deshielo e as sequeas. En xeral as consecuencias do cambio climático.




IES As Fontiñas (Santiago de Compostela, A Coruña)
2º BAC | **PRESENTACIÓN**

Midón López, Brais

LEMA: A auga

DESCRICIÓN:

Presentación de power point sobre el agua




IES As Fontiñas (Santiago de Compostela, A Coruña)
1º BAC | **DEBUXO**

Mendoza Escalona, Melanie

LEMA: Precaución

DESCRICIÓN:

Debuxo descriptivo





IES As Fontiñas (Santiago de Compostela, A Coruña)

1º BAC | **PRESENTACIÓN**

Mallón Mallón, Andrea

LEMA: ¿Contamíname?

DESCRIPCIÓN:

Presentación de alguno de los tipos de contaminación que existen en el mundo.



IES As Fontiñas (Santiago de Compostela, A Coruña)




1º BAC | **CURTO**

Lorenzo Mosquera, Luís

LEMA: O cambio climático

DESCRIPCIÓN:

Pequeno curto sobre o cambio climático, que fai referencia a como aparece, as causas e mais como podemos axudar a combatir o cambio climático



IES As Fontiñas (Santiago de Compostela, A Coruña)


1º BAC | PRESENTACIÓN

López Rodríguez, Lucía
Pasín Nieves, Natalia

LEMA: Cambio climático

DESCRICIÓN:

É unha presentación en PowerPoint que trata do cambio climático



IES As Fontiñas (Santiago de Compostela, A Coruña)


1º BAC | PRESENTACIÓN

López Calvo, Rita María
Pereira Seijo, Laura
Fuentes Botana, Alba

LEMA: Cambio climático

DESCRICIÓN:

O noso traballo, abarca un tema a tratar que nos afecta a todos, "O cambio climático". Así como tamén, as causas que o producen, as consecuencias que se están creando e as graves repercusións que están traendo e que se están vindo repercutidas no noso planeta.



IES As Fontiñas (Santiago de Compostela, A Coruña)

1º BAC | PRESENTACIÓN

Lago Martiñán, Patricia

LEMA: 1000 x 0 = 0

DESCRICIÓN:

É unha presentación a través da cal pretendo concienciar a xente dos efectos do Cambio Climático. Poño como exemplo algunhas das súas consecuencias acompañadas dunha pregunta. A pregunta é posiblemente algo esaxerada pero ninguén de nos podería saber con exactitude o que pasará no futuro. Eu so o imaxino a partir da información que temos a má.



IES As Fontiñas (Santiago de Compostela, A Coruña)

1º BAC | PRESENTACIÓN

Franco López, Alberto
Fariñas López, Alberto
Fernández Pintor, Antonio

LEMA: O cambio climático

DESCRICIÓN:

O cambio climantico no mundo



IES As Fontiñas (Santiago de Compostela, A Coruña)

1º BAC | PÓSTER

Fernández Gil, Iria

LEMA: Recicla

DESCRICIÓN:

Con este póster intento simbolizar un novo logo chamativo e orixinal, para ver a reciclaxe e incitar a que a xente recicle. Todo feito a man intentando simular a realidade.



IES As Fontiñas (Santiago de Compostela, A Coruña)

1º BAC | DEBUXO

Cabado Coto, Lucía

LEMA: O mundo dun neno

DESCRICIÓN:

Farei un debuxo, coa intención de amosar a visión dun mundo perfecto de cómo nos insinaron de èquenos pero que por desgraza e pola contra non e a verdade





IES As Fontiñas (Santiago de Compostela, A Coruña)
1º BAC | **PRESENTACIÓN**

Brea Otero, Martín

LEMA: Biocombustibles

DESCRICIÓN:

Traballo e aportación de datos acerca dos biocombustibles, os combustibles do futuro menos contaminantes e máis eficientes.



IES As Fontiñas (Santiago de Compostela, A Coruña)

IES As Fontiñas (Santiago de Compostela, A Coruña)
1º BAC | **DEBUXO**

Blanco Suárez, Cristina

LEMA: Cada vez menos...

DESCRICIÓN:

Neste debuxo intento plasmar a realidade de que o ser humano cada día está rematando con máis árbores para crear cidades, fábricas... sendo cada vez menor o espazo adicado á natureza que hai no noso planeta. Ademais tamén quería reflexar toda a contaminación que producimos, outro motivo que pouco a pouco está acabando coa biodiversidade da Terra.



IES As Fontiñas (Santiago de Compostela, A Coruña)



IES As Fontiñas (Santiago de Compostela, A Coruña)

1º BAC | PRESENTACIÓN

Barral Fernández, Daniel
Vilas Rodríguez, Álvaro
Méndez Ramos, José

LEMA: O estrago do Planeta

DESCRICIÓN:

Trata o estrago que produce a contaminación humana no medio ambiente tirando lixo.



IES As Fontiñas (Santiago de Compostela, A Coruña)

1º BAC | DEBUXO

Alonso González, Laura

LEMA: Usa biocombustible

DESCRICIÓN:

A viñeta presenta dúas situación de distinta orde cronolóxica na que apareces dous nenos, cada un da súa época expoñendo o seu desexo de seren combustible fósil e biocombustible a cadansúa nai.

